

2 O relevo terrestre

1 A estrutura da Terra

1.1 A estrutura en capas da Terra

Dende o interior ata o exterior, a Terra estrutúrase nunha serie de capas. Estas capas teñen distinto grosor e están constituídas por diferentes materiais.


O **núcleo** é a capa máis interna; está formado, sobre todo, por ferro. O **manto** é a capa intermedia; está composto por materiais parcialmente fundidos ou **magma**, enriba do cal se dispoñen diversos materiais de rocha sólida. A **codia** é a capa máis superficial e contén rochas sólidas e solo. A codia e a parte superior do manto forman a **litosfera**.

A Terra está envolvida, ademais, por outra serie de capas: a **hidrosfera**, integrada por todas as augas do planeta; a **atmosfera** ou envoltura gasosa, e a **biosfera** ou esfera da vida, unha delgada capa onde habitan todos os seres vivos.

1.2 A codia terrestre. Continentes e illas

A codia terrestre está constituída por unha delgada capa de rochas. Nalgúns lugares elévase por enriba do nivel do mar e dá lugar aos continentes e ás illas.

- Os **continentes** son grandes extensións de terras emerxidas, rodeados de océanos e mares.
- As **illas** son porcións de terras emerxidas, de menor tamaño que os continentes, rodeadas de auga por todas as partes.



► As capas da Terra.



► Localización dos continentes. Na superficie da Terra distínguense seis continentes, que, ordenados de maior a menor extensión, son: Asia, América, África, a Antártida, Europa e Oceanía.

Tarefas para progresar

▼ Localizar información no espazo

- 1** Nomea as tres capas internas nas que se divide a Terra.

.....

- 2** Agora, nomea as capas que a envolven.

.....

- 3** Que é a biosfera?

.....

.....

- 4** Escribe debaixo de cada frase o concepto definido:

a) Conxunto das augas do planeta.

.....

b) Capa gasosa que envolve a Terra.

.....

- 5** Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

a) O núcleo está formado, sobre todo, por aceiro. ☐

b) O manto está formado por rocha sólida e magma. ☐

c) A codia está formada por rochas brandas. ☐

d) Os continentes e as illas constitúen as terras emerxidas. ☐


- 6** Escribe os nomes dos seis continentes por orde de menor a maior extensión.

.....

.....

▼ Obter información

- 7** Completa os espazos en branco.



1. 2.

3. 4.

5. 6.

▼ Organizar a información

- 8** Completa os espazos en branco das seguintes frases:

A Terra estrutúrase nunha serie de

que teñen distinto e están forma-

das por diferentes

O é a capa máis

O é a capa, e a
..... é a capa máis

- 9** Completa o seguinte cadro resumo.

TERRAS EMERXIDAS	DEFINICIÓN
CONTINENTES	
ILLAS	

2 O relevo e as súas formas

2.1 O relevo das terras emerxidas

O relevo é o conxunto de formas que presenta a codia terrestre: elevacións, afundimentos, pendentes, etc. O relevo das terras emerxidas (continentes e illas) presenta catro formas básicas: chairas, mesetas, montañas e depresións.

- As **chairas** son terreos planos ou suavemente ondulados cuxa altitude non supera os 200 metros sobre o nivel do mar.
- As **mesetas** son chairas elevadas a máis de 200 metros de altitude.
- As **montañas** son elevacións do terreo cuxa altitude supera os 600 metros. As montañas adoitan agruparse en grandes conxuntos, chamados serras, macizos e cordilleiras. As montañas máis altas da Terra encóntranse na cordilleira do Himalaia, en Asia.
- As **depresións** son áreas afundidas. Adoitan estar percorridas por ríos, que escavan depresións alongadas chamadas vales.

2.2 O relevo costeiro

A costa é a zona de contacto entre a terra e o mar. Nela podemos encontrar, entre outras formas de relevo, as seguintes: **praías** (superficies planas á beira do mar formadas pola acumulación de area ou de pedras), **cabos** (entrantes da costa no mar), **golfos** (entrantes do mar na costa), **rías** (vales invadidos polo mar) e **penínsulas** (extensiones de terra rodeadas de auga por todas as partes menos por unha, denominada **istmo**).




► Formas do relevo producidas pola auga.



► Formas do relevo costeiro.

► Formas do relevo da superficie terrestre.



Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario

10 Define o concepto *de relevo*.

.....

.....

.....

11 Sinala cun X a frase que coincide coa definición máis correcta de costa:

- a) A costa é un entrante no mar. ☐
- b) A costa é un territorio rodeado de auga por todas as partes. ☐
- c) A costa é a zona de contacto entre a terra e o mar. ☐

▼ Obter información

12 Escribe, debaixo de cada debuxo, a forma de relevo que representa.











▼ Relacionar informacións

13 Escribe se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- a) Os cabos son entrantes da costa no mar. ☐
- b) As penínsulas son entrantes do mar na costa. ☐
- c) Os golfos son territorios rodeados de auga por todas as partes. ☐
- d) As praias son superficies planas á beira do mar formadas pola acumulación de area ou de pedras. ☐

▼ Organizar a información

14 Completa a seguinte táboa sobre as formas do relevo das terras emerxidas.

FORMAS DE RELEVO	DEFINICIÓN

15 Completa as seguintes frases:

- a) Os ríos escavan alongadas chamadas
- b) O é o conxunto de formas que presenta a
- c) O relevo das terras emerxidas presenta catro formas básicas:, e
- d) A é a zona de contacto entre a e o

3 O relevo dos continentes

3.1 O relevo de Asia

O **relevo asiático** presenta montañas, mesetas, chairas e depresións.

As montañas son novas e elevadas, como a cordilleira do Himalaia, onde se encontra o Everest, a montaña máis alta do planeta, con 8 848 metros. Tamén hai mesetas de elevada altitude, como a do **Tibet**, e numerosas chairas percorridas por ríos, como as de Siberia e a India. As **depresións** están ocupadas por mares, como o mar Morto, que é o punto máis baixo do planeta, con -345 metros.

Asia tamén conta con numerosas **penínsulas**, como a de Corea e a de Indochina; moitos **arquipélagos**, como os de Xapón e Filipinas, e **illas**, como a de Sri Lanka.

3.2 O relevo de América

O relevo americano consta de **cordilleiras** (Montañas Rochosas e cordilleira dos Andes), **chairas** (Grandes Chairas, Amazonas, Pampa argentina), **macizos** (Apalaches e Guayanas) e **mesetas** (meseta brasileira). O pico máis elevado do continente é o **Aconcagua**; encóntrase na cordilleira dos Andes. As **illas** principais son Groenlandia, Victoria, Baffin, Terranova, Aleutianas, Antillas e Tierra del Fuego.

3.3 O relevo de África

O relevo africano está formado por extensas **mesetas** e **depresións** (Sáhara, Níxer, Chad, Congo), macizos (Ahaggar, Tibesti e Marrah), **foxas tectónicas** (como o Rift Valley, ocupado por lagos), **chairas** (Libia, Tunisia, Senegal e Gambia, Mozambique, Etiopía) e dúas grandes **cordilleiras** (Atlas e montes Drakensberg).

Os picos máis altos son o volcán **Kilimanjaro**, 5 895 m, e o monte Kenya. A **illa** máis importante de África é Madagascar.

3.4 O relevo de Oceanía

En **Oceanía**, destaca o relevo de **Australia**, no que sobresaen os montes MacDonnell e Hamersley, e a Gran Cordilleira Divisoria. O relevo das demais illas é montañoso, debido á súa orixe volcánica, aínda que algunhas xurdiron como arrecife de coral.

O cume máis alto localízase en Nova Guinea (**Puncak Jaya**, 5030 m).

3.5 O relevo da Antártida

A **Antártida** é o continente máis elevado do planeta, cunha altitude media de case 2 600 metros. O seu relevo componse de **montañas**, con numerosos volcáns, e elevadas **mesetas**. O cume máis alto é o pico **Vinson**.



Vista do volcán Kilimanjaro (Tanzania) dende o Parque Nacional Amboseli (Kenya).

Tarefas para progresar

▼ Localizar información no espazo

16 Localiza no mapa físico os seguintes accidentes xeográficos e di en que continente se encontran:

- Groenlandia
- Sri Lanka
- Montañas Rochosas
- Andes
- Atlas
- Urais
- Cáucaso
- Islandia
- Drakensberg
- Mozambique
- Himalaia



▶ Mapamundi do relevo terrestre.

▼ Relacionar informações

- 17** Escreve em que continente se encontram os seguintes elementos do relevo.

FORMAS DE RELEVO	CONTINENTE
MONTES TRANSANTÁRTICOS	
PENÍNSULA DE INDOCHINA	
MONTES DRAKENSBERG	
PAMPA ARGENTINA	
MONTES MACDONNELL	

- 18** Relaciona os termos destas duas colunas:

- | | |
|------------------|--------------|
| a) Everest | 1. Antártida |
| b) Aconcagua | 2. Ásia |
| c) Macizo Vinson | 3. Oceania |
| d) Puncak Jaya | 4. África |
| e) Kilimanjaro | 5. América |
| f) Rift Valley | 6. América |
| g) Apalaches | 7. África |

▼ Obter informação

- 19** Os seguintes termos xeográficos, que son: cordilleira, macizo, meseta, chaira, depressión ou illa?

MADAGASCAR	
HIMALAIA	
PAMPA	
SIBERIA	
SRI LANKA	
GROENLANDIA	
ATLAS	
CONGO	
ANDES	
TIBET	
INDOCHINESA	
AHAGGAR	
APALACHES	


4 O relevo de Europa

Europa tem um relevo variado, que consta de três unidades básicas:

- No **norte** e no centro localizam-se mesetas e montanhas antigas de escassa altitude, como os montes Escandinavos, o Macizo Central francês ou os montes Urais.
- O **centro** está percorrido pela Gran Chaira Europeia, que se estende desde os montes Urais até o oceano Atlântico.
- No **sur** há montanhas novas de elevada altitude, como o Alpes, os Pireneus, o Apeninos ou o Cáucaso. Neste último encontra-se o pico mais alto de Europa: o monte Elbrus.

Europa tem numerosas **ilhas**, como Islandia e as Británicas, no oceano Atlântico; e as Baleares, Córsega e Sicília, no mar Mediterrâneo.

► Mapa do relevo europeu.



Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario

- 20** Nomea as formas de relevo que podes encontrar no continente europeo e pon un exemplo a continuación.

.....

.....

.....

- 21** Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- a) No centro de Europa localízanse moitas montañas novas. ☐
- b) O monte Elbrus está na cordilleira do Cáucaso. ☐
- c) Os Montes Escandinavos son unhas montañas antigas. ☐
- d) As illas Baleares están no océano Glacial Ártico. ☐

▼ Localizar información nun espazo

- 22** Localiza nun mapa físico mudo de Europa os seguintes accidentes xeográficos:

- Gran Chaira Europea
- Cáucaso
- Sicilia
- Montes Urais
- Alpes
- Illas Británicas
- Montes Escandinavos
- Apeninos
- Córsega
- Pireneos

▼ Relacionar informacións

- 23** Relaciona entre si os termos destas dúas columnas, seguindo o modelo que che propoñemos:

- | | |
|------------------------|-------------------|
| 1) Montes Escandinavos | a) Montañas novas |
| 2) Gran Chaira Europea | b) Illa |
| 3) Pireneos | c) Montaña antiga |
| 4) Islandia | d) Chaira |

.....^{1C}

.....

- 24** Escribe en que mar ou océano se encontran as seguintes illas: illas Baleares, Sicilia, illas Británicas, Córsega, Islandia.

MAR MEDITERRÁNEO	OCEANO ATLÁNTICO

▼ Organizar a información

- 25** Completa as seguintes frases.

- a) Europa ten un moi variado.
- b) No norte e no centro localízanse e

▼ Comprender o espazo

- 26** Fai un debuxo do contorno de Europa.

